

Iria Pedreira

# M elpómene entre nós

A reelaboración dos clásicos  
grecolatinos na dramaturxia  
galega contemporánea

EDICIÓNS

*laiovento*  
**LAIOVENTO**

**ENSAIO PESQUISA**

## Iria Pedreira



Iria Pedreira (Ordes, 1991) é filóloga clásica e doutora en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia pola Universidade de Santiago de Compostela. O seu labor como investigadora centrouse nos estudos de recepción, na tradición clásica e na influencia das literaturas grega e latina na literatura dramática galega. Como tradutora de textos gregos, publicou as primeiras traducións ao galego de *Caracteres* de Teofrasto (2017) e de *Ión* e *Cíclope* de Eurípides (2021). Está vinculada a diversos proxectos de crítica literaria na rede e colaborou como escritora na obra divulgativa *Ferreñas e Rock and Roll* (2019). Con *Melpómene entre nós* amplía os marcos das súas indagacións sobre a proxección do mundo grecolatino no teatro galego, un traballo que comezou coa súa tese de doutoramento dirixida por María Teresa Amado Rodríguez.

## Limiar

Sendo como somos romanos da *Gallaecia* do século XXI, non debe estrañar que o mundo clásico estea presente en todos os aspectos da nosa vida e, por suposto, na nosa literatura desde as súas primeiras manifestacións, sexa en alusións ou en formas e temas herdados e usados máis ou menos conscientemente, como en imitacións ou emulacións voluntarias de obras clásicas polo seu carácter paradigmático e suxestivo. Na época medieval a lírica expresou sentimentos comúns a toda a humanidade cos mesmos tópicos que atopamos na lírica grega arcaica e cun sorprendente parecido formal, mentres que a prosa recolleu contidos da literatura clásica, sobre todo na *Crónica Troiana* e na *Xeral Estoria* de Alfonso X o Sabio. Estas traducións ao galego, superviventes da gran cantidade delas que se fixeron de orixinais latinos, franceses e casteláns, testemuñan un interese pola materia de Troia que vai máis alá do atractivo da propia lenda, pois xa desde antigo se relacionou a orixe de Galicia e Portugal cos gregos, trasladando á costa oeste da Península Ibérica as aventuras dos retornados de Troia e convertendo estes heroes en fundadores das nosas vilas: Odiseo de Lisboa, Teucro de Pontevedra e Diomedes, fillo de Tideo, de Tui.

O Rexurdimento, imbuído polo espírito do Romanticismo e das correntes nacionalistas, nun primeiro momento preocupouse máis por reivindicar a lingua e transmitir as ideas do nacionalismo que pola creación dun rexistro culto, pero aínda así a influencia do mundo clásico está moi presente desde ben cedo, esporadicamente, por exemplo, na poesía de Nicomedes Pastor Díaz, ou de forma recorrente, como en *A Gaita gallega* de Xosé Manuel Pintos, obra singular na que os clásicos son o modelo e paradigma para perfeccionar formas e autoridade para apoiar ideas e desenvolver contidos.

Os autores do Rexurdimento seguiron a tendencia xeral do Romanticismo europeo, dando preeminencia ao mundo grego

sobre o romano. O nacionalismo galego ve en Roma o invasor que asoballou os pobos do noroeste peninsular e na resistencia destes o modelo para facer fronte ao centralismo español. A presenza de gregos en Galicia que a tradición supoñía favoreceu a recorrencia ao helenismo como elemento racial diferenciador para xustificar os ideais nacionalistas, por suposto sen prescindir do celtismo e facendo verdadeiros malabarismos para compatibilizar ambas as dúas teorías. Curros mesmo chega a reivindicar para Galicia o papel de civilizadora do Mediterráneo oriental e Pondal propón a moral aristocrática de Esparta e as virtudes que a adornan como exemplo a imitar para liberar Galicia da situación de sometemento.

No tempo dos epígonos, recuperado xa o galego literario, cumpría ocuparse de enriquecer a calidade da lingua, sobre todo porque a deriva cara a formas populares e mesmo vulgares non favorecían a literatura. Neste empeño destacan os membros da Escola Coruñesa, con Murguía á cabeza, entre os que destaca Florencio Vaamonde. Este escritor, cunha cultura clásica moi superior á dos da súa xeración, consideraba que o galego tiña que percorrer o mesmo camiño que fixeran no Renacemento as outras linguas literarias de Europa acudindo aos clásicos grecolatinos como modelo para enriquecer a súas literaturas. As súas traducións de Anacreonte, Horacio ou Virxilio tiñan como obxectivo crear un *gallaicum carmen* de alto nivel estético e exerceron unha fonda influencia na produción poética do autor.

Na segunda década do século XX as Irmandades da Fala e a partir de 1921 a Xeración Nós encamiñan os seus esforzos na mesma liña, procurando a superación do enxebrismo e o folclorismo e o uso da lingua, ata o de agora reducida case exclusivamente ao cultivo da lírica, en todos os ámbitos literarios. No 1923, a creación do Seminario de Estudos Galegos dá o impulso definitivo a esta tendencia. Boa parte dos seus integrantes coñecían ben a literatura clásica e pola súa formación podían

ler os orixinais latinos e algúns como Otero Pedrayo mesmo os gregos, e a pegada deles é evidente nos seus escritos.

Despois da guerra civil, durante a ditadura franquista e a súa actitude belixerante contra o galego, son os nosos intelectuais no exilio os que mateñen aceso o facho da nosa cultura, mentres aquí esmorecía. A fundación de Galaxia en 1950 marca un cambio de deriva que suporá a recuperación e desenvolvemento da literatura galega en todas as súas formas. Nesta liña continua que chega ata o día de hoxe o mundo clásico segue a estar moi presente na nosa literatura en todas as formas recoñecíbeis de intertextualidade. Os autores atopan na antigüidade grecolatina modelos formais e motivos temáticos inspiradores para as súas creacións, que, lonxe de ser produtos arqueolóxicos desfasados, se integran no presente e contribúen a expresar e entender o mundo que nos rodea. A formación humanística recibida nos seminarios por moitos dos nosos escritores (Noriega, Crecente, Leiras Pulpeiro, Iglesia Alvariño, Rubinos e tantos outros) é sen dúbida un factor importante nesta tendencia.

A continua e abondosa presenza do mundo e as formas e contidos literarios grecolatinos na nosa literatura aínda non tivo a atención que merece por parte dos estudosos, aínda que nos últimos anos a tendencia parece estar a mudar. A investigación das fontes das que bebe a nosa literatura é imprescindible para unha análise atinada, pois o seu uso de maneira consciente e intencionada é clave para a valoración das formas e a correcta interpretación das mensaxes que as obras queren transmitir. Por esta razón recibimos e saudamos con entusiasmo esta publicación, froito de longos anos de traballo e especialización da autora. Ninguén mellor ca ela para abordar a reelaboración dos clásicos grecolatinos no noso teatro, por ser boa coñecedora das técnicas de análise literaria e das fonduras da literatura antiga e por ter de seu a lucidez e perspicacia que este labor precisa.

*Melpómene entre nós* ofrece o catálogo completo das obras dramáticas de temática clásica do noso patrimonio literario,

determinando as fontes e valorando forma e contido, pero alén diso contextualízalas e identifica os trazos que comparten para identificar tendencias e evolucións. O resultado é este excelente ensaio destinado a ser libro de cabeceira dos estudosos do teatro galego.

M<sup>a</sup> Teresa Amado Rodríguez  
Universidade de Santiago de Compostela

## ÍNDICE

Limiar por María Teresa Amado Rodríguez .....	7
1. Introducción .....	11
2. Panorama da literatura dramática galega: contextos históricos e literarios .....	13
3. Os clásicos grecolatinos na literatura dramática galega .....	35
3.1. Subgrupos temáticos .....	51
3.1.1. Obras de tema mítico .....	51
3.1.2. Obras baseadas nas comedias gregas e latinas .....	343
3.1.3. Obras de tema histórico .....	360
3.1.4. Obras inspiradas na filosofía antiga .....	397
3.2. Principais autores e autoras .....	406
4. Algunhas notas sobre a recepción da tradición clásica na literatura dramática galega .....	406
4.1. O drama antigo como alegoría e manifesto .....	409
4.2. Desmitificación dos referentes clásicos.....	411
4.3. Experimentación e renovación formal.....	414
4.4. A ollada feminina ao mundo antigo .....	416
4.5. A inclusión no canon da literatura galega: unha materia pendente .....	420
5. Recapitulación final .....	427
6. Bibliografía .....	429